Sakura no vento

Estrofas **Am – G / F – E**
Retrouso **F – C / G – Am** | Transición **F – C – G**

Estrofa 1
Am-G /F-E
Un día naceu Sakura,
veu coa semente do vento,
eses ollos son meu norte
qué alegría qué momento!
Eu mirabate en silencio,
aprendendo sen querer,
que ás veces os máis pequenos
nos ensinan cómo ser.
Pequena pero ben firme,
co teu xeito teu de pensar,
cando algo non che encaixa
xa se pode preparar.

Retrouso
F-C / G-Am
Pasarán máis de mil anos
en que volva acontecer
unha flor que teña tanto,
tanto tanto que ofrecer!
Eu so quero ver a risa
esa que fai florecer
que amencer sempre acontece
non dubides florecer!
F-C-G
Am-G /F-E
Repite o retrouso completo.

Estrofa 2
Am – G / F – E
Co pincel tu fas a maxia,
co barro fas as cancións,
levas dentro un universo
que non ten explicación!
Sakura co vento medra,
mais non deixes de crear,
que este mundo xa precisa
xente que saiba soñar.
E debuxas coma nos mangas,
ollos grandes pa mirar,
mundos onde todo doe
pero apréndese a voar.

Retrouso
F-C / G-Am
Pasarán máis de mil anos
en que volva acontecer
unha flor que teña tanto,
tanto tanto que ofrecer!
Eu so quero ver a risa
esa que fai florecer
que amencer sempre acontece
non dubides florecer!
F-C-G
Repite o retrouso completo.

Estrofa 3
Non fai falta ser o Gojo,
nin loitar coma Sukuna,
ti xa tes forza por dentro
que non precisa armadura.
Pasarán máis de mil cousas
que aínda están por descubrir
e outras que xa pasan sempre,
nada novo para tí!
E aquí tes a túa casa,
onde sempre fai calor,
aquí é onde naciches
ti xa sabes somos nós!
F-C / G-Am

Estrofa 4
Pasarán máis de mil anos
en que volva acontecer
unha flor que teña tanto
que nos faga renacer.
Eu so quero ver a risa
esa que fai florecer
que amencer sempre acontece
non dubides que estaréi!
F-C-G

Peche
Am – G / F – E
Din que hai flores que nacen co vento... e que nunca deixan de medrar dentro de ti.